



Exposición pública da toponimia do Concello da Gudiña



Venres 9 de marzo, ás 12:00 h.


Casa da Viúva,
Concello
A Gudiña

Galicia conta con miles de topónimos. Esta abundancia de nombres viuse grazas á dispersión dos núcleos de poboación; a enorme repartición da terra (minifundismo); una orografía irregular e difícil; a secular explotación dos recursos agrícolas, gandeiros e marisqueiros; a variada vexetación... e a propia idiosincrasia dos galegos de querer nomear cada anaqueiro da súa terra. Estas circunstancias permitiron que exista en Galicia este abundantísimo e riquísimo patrimonio toponímico que cubre toda a súa xeografía, humanizándoa, culturizando e engadindolle un amplio pouso histórico de incalculable valor.

A carón do terceiro milenio, a transformación demográfica e a progresiva desaparición dos modos de vida tradicionais ameazan gravemente a conservación deste avoengo tesouro toponímico. Boa parte dos topónimos menores só teñen vida na fala ou na memoria de persoas de idade e todos eles teñen un alto interese científico e enorme valor como patrimonio cultural de Galicia.

Por iso, desde a Xunta de Galicia decidiuse acometer a recollida de toda a toponimia galega, confeccionando unha base de datos a través dunha exhaustiva e cordadosa recoleita oral, transcripción e revisión científica de cada nome. Será unha base útil e de referencia para os distintos eidos da investigación, así como en todas aquelas actividades relacionadas coa información e a identificación territorial. O Proyecto emprega unha novidosa tecnoloxía que permite o tratamento da toponimia nun SITX (Sistema de Información Xeográfica) facilitando a súa visualización en fotos aéreas.

A microtoponimia (nombres de terras, montes, valgadas, requieiros, fontes, penedos, muíños...) do concello de Gudiña recóleuse dentro do marco do **Proyecto Toponimia de Galicia**. Este proxecto, promovido pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, naceu no ano 2000 ante a necesidade de defender e conservar o patrimonio toponímico galego que forma parte da nosa identidade como pobo.



PROGRAMA

11:00 h.

Visita dos asistentes á exposición das ortofotos aéreas coa toponimia coa toponimia do concello da Gudiña.

12:00.

Presentación do acto

Intervención:

1º. Guillermo Lago Pérez

Alcalde do concello da Gudiña

2º. Xermán García Cancela

Director do Proyecto Toponimia de Galicia e Secretario da Comisión de Toponimia da Xunta

3º. Vicente Feijoo Ares

Coordinador dos traballos de campo do Proyecto

Toponimia de Galicia no SITGA

4º. Matilde Begón Rodríguez Rumbao

Directora Xeral da Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

5º. Marisol López Martínez

Secretaria Xeral de Política Lingüística

6º. Xosé Rodríguez Cid

Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural

13:00 h.

Víño de clausura

